



**CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS,  
PARA A REFORMA INTERIOR E REORGANIZACIÓN DA OCUPACIÓN DO COMPLEXO  
ADMINISTRATIVO DE SAN CAETANO.  
MEMORIA AUTORIZACIÓN DE INICIO DE EXPEDIENTE**

**OBXECTO**

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza vai a proceder á convocatoria dun concurso de ideas coa finalidade de proceder á selección dun anteproxecto que sirva de base ao correspondente proxecto técnico - básico e de execución (incluído o estudo de seguridade e saúde), o estudo de xestión de residuos, a certificación enerxética e o proxecto de telecomunicacións e así proceder á execución das obras de **reforma interior e reorganización da ocupación do Complexo Administrativo de San Caetano**.

A estes efectos asinarase un convenio de colaboración entre esta Vicepresidencia e Consellería e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a través da súa Delegación en Santiago de Compostela, no que se establecen as condicións de colaboración para a convocatoria deste concurso de ideas, con intervención de xurado.

**PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN**

Para a selección do candidato, que obtería o primeiro premio, e dos restantes candidatos que resulten premiados co segundo premio e accésits, o procedemento a utilizar na adxudicación e resolución deste concurso de ideas é o procedemento aberto, previsto nos artigos 156 a 159 da LCSP, por ser o que mellor garante os principios de igualdade e transparencia que establece o artigo 131 da LCSP e facilita a libre concorrencia de aqueles candidatos que desexen presentarse a este concurso.

O presente concurso de ideas, con intervención de xurado, está suxeito a regulación harmonizada, e desenvolverase conforme ao previsto no presente prego de bases, nos artigos 183 a 187 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP).

É un concurso aberto, anónimo, que se encadra como de proxectos con intervención de xurado, nos termos previstos no artigo 183 da LCSP, suposto comprendido no seu apartado 2.b), modalidade “concursos de proxectos con premios ou pagos aos participantes” e adxudicación ulterior ao gañador do correspondente contrato de servizos do proxecto básico e de execución e de dirección de obra, conforme ao suposto contido no artigo 168 d) do mesmo texto legal.

No non regulado por este prego de bases estarase ao previsto nas normas e disposicións reguladoras da contratación de servizos segundo as previsións da LCSP, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público, así como o disposto no Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións



Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001 (en adiante RXLCAP) na parte que non se opoña aos anteriores e demais disposicións que regulan a contratación do sector público.

Finalmente indicar que a súa tramitación será ordinaria

### CLASIFICACIÓN E SOLVENCIAS

De conformidade co disposto no artigo 77.1.b) da LCSP nesta contratación non resulta esixible a clasificación.

Respecto da solvencia económica e financeira. Os concursantes deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira conforme ao especificado a continuación, de conformidade co disposto no artigo 87 da LCSP

- Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente como mínimo ata o fin do prazo de presentación de ofertas por importe non inferior a 70.000,00 €, xunto co compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do citado contrato.

Ou ben:

- Compromiso vinculante asinado polo candidato ou representante da empresa, en caso de tratarse de persoa xurídica, de suscripción, en caso de resultar adxudicatario, dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe non inferior a 70.000,00 €, con vixencia durante toda a execución do citado contrato, comprometéndose ademais a facelo efectivo dentro do prazo de dez días hábiles a que se refire o artigo 150.2 da LCSP.

Nas Unións Temporais de Empresas cada un dos que as compoñen deberá acreditar a súa capacidade e solvencia, acumulándose, para os efectos da determinación da solvencia da UTE, as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma.

Pola súa banda, respecto da solvencia técnica ou profesional. Os concursantes deberán acreditar a súa solvencia técnica ou profesional conforme ao especificado a continuación, de conformidade co disposto no artigo 90 da LCSP

- O candidato deberá xustificar que está en posesión do título de arquitecto superior ou titulación equivalente, segundo os países, ou que, en caso de tratarse dunha persoa xurídica, os seus fins, obxecto ou ámbito da súa actividade, a teor do que dispoñan os seus estatutos ou regras fundacionais, son acordes ás prestacións que se esixen neste concurso de ideas.



A titulación esixida, poderase acreditar acompañando copia compulsada do título académico ou certificación do colexio profesional correspondente que acredite tal circunstancia.

**PUBLICIDADE:** O tratarse dun concurso de ideas no que a súa tramitación estará suxeita á regulación harmonizada deberá procederse a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) e no perfil do contratante, segundo se establece no artigo 135 da LCSP en relación co artigo 186 da LCSP.

**RECURSO ESPECIAL:** Ao tratarse dun concurso suxeito a regulación harmonizada, serán susceptibles de **recurso especial en materia de contratación:** os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer o concurso de ideas, os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes últimos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, e os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores. Este recurso ten carácter potestativo (cf. artigo 44.2 da LCSP).

**ORZAMENTO DO CONCURSO DE IDEAS:** O orzamento máximo que se vai a destinar á resolución deste concurso de ideas é de **cento setenta e sete mil euros (177.000,00 €)**, IVE incluído, no que quedan recollidos os importes correspondentes ós premios e accésits a entregar, que deberán ser recollido e establecerse no correspondente apartado do prego de bases que rexerá neste concurso de ideas.

Este importe total se distribuirá pola contía dos premios do seguinte xeito:

	TOTAL
Primeiro premio	70.000,00 €
Segundo premio	40.000,00 €
Terceiro premio	30.000,00 €
Primeiro accésit	15.000,00 €
Segundo accésit	11.000,00 €
Terceiro accésit	11.000,00 €

**VALOR ESTIMADO DESTE CONCURSO DE IDEAS SEGUNDO O INDICADO NO ARTIGO 183.4 DA LCSP:**

- Importe dos premios sen o IVE: 146.280,99 €
- Importe da redacción do proxecto básico e de execución sen o IVE: 443.125,74 €
- Importe do servizo relativo á dirección da obra sen IVE: 267.618,07 €

O importe do valor estimado segundo o cálculo indicado é de **857.024,80 €**



### **APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

O gasto será aboado con cargo á **aplicación orzamentaria 05.21.121A.632.0 (Código de proxecto: 2019 00002)** dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, onde figura e existe crédito suficiente e adecuado para poder asumir as obrigas derivadas deste concurso de ideas

### **PRAZO DE EXECUCIÓN:**

A resolución deste concurso de ideas terá que realizarse durante o ano 2019 e sempre condicionado ao desenvolvemento das fases e calendario que deberá recollerse no apartado que corresponda do prego de bases que rexerá todo proceso de resolución deste concurso de ideas

### **XURADO. COMPOSICIÓN**

De conformidade co previsto no artigo 187 da LCSP, unha vez finalizado o prazo de presentación das propostas de proxectos constituirase un xurado do concurso.

Este xurado será o órgano responsable de avaliar e clasificar os proxectos tendo en conta os méritos de cada proxecto, que fará constar nun informe xunto coas súas observacións e calquera aspecto que requira aclaración. O anterior realizarase de acordo cos criterios de avaliación expostos na Base 5.3 e conforme á relación de premios establecida. Unha vez recaído o fallo, elevarao ao órgano de contratación para que este proceda á adxudicación do concurso de ideas en favor do participante indicado polo xurado.

A composición do Xurado verá determinada tamén no prego de bases do concurso, incorporando a personalidades de notoria competencia e designadas polo órgano de contratación.

O Xurado estará composto por un presidente, varios vogais en representación do Colexio de Arquitectos de Galicia e o persoal funcionario técnico da comunidade autónoma como representación da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. Así mesmo actuará como secretario un funcionario da Vicepresidencia e Consellería de Presidencias, Administracións Públicas e Xustiza.

Unha vez nomeado o xurado do concurso, farase pública a súa composición definitiva no perfil do contratante e tamén na páxina web do COAG

Dada a complexidade técnica das tarefas a desenvolver polo Xurado para levar a cabo un axeitado cumprimento das súas funcións, o mesmo estará asistido por dous órganos, que lle auxiliarán para a toma de decisións e que estarán compostos, cada un deles, por parte dos integrantes do Xurado, atendendo a súa cualificación técnica.

Así, se constituirán, coas funcións indicadas nas bases do prego que se aprobe, as seguintes comisións auxiliares do Xurado:



- Unha comisión administrativa
- Unha comisión técnica

**CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:**

Os criterios ou aspectos que deberán terse en conta para a determinación das propostas gañadoras serán os seguintes:

**VALOR ARQUITECTÓNICO E CALIDADE DO DESEÑO (25 puntos)**

Avaliaranse preferentemente as propostas que ofrezan mellores condicións en canto á calidade compositiva, formal e de deseño.

Ademais, terase en conta a claridade expositiva do desenvolvemento da solución proposta, así como a lexibilidade e caracterización da documentación gráfica da proposta.

Debido ás características do obxecto do concurso, a obtención e avaliación de ideas para a reforma interior e reorganización da ocupación do Complexo Administrativo de San Caetano, compre establecer criterios que valoricen a calidade da proposta no referente a arquitectura, a composición e o deseño.

**AVALIACIÓN TÉCNICA, ECONÓMICA E FUNCIONAL DA PROPOSTA (20 puntos)**

Avaliaranse preferentemente as propostas que mellor se adapten ás seguintes condicións:

- Funcionalidade do proxecto: estrutura e racionalidade da zonificación proposta, así como das circulacións públicas e privadas e dos núcleos de comunicación.
- Adecuación de relacións entre as diferentes áreas e servizos
- Flexibilidade e capacidade de soportar cambios de programa da idea proxectada
- Racionalidade técnica das solucións construtivas e das instalacións propostas
- Calidade e durabilidade dos materiais e das solucións construtivas utilizadas
- Racionalidade construtiva e viabilidade funcional e económica da proposta, incluíndo a minimización de futuros custos de mantemento e conservación.
- Adecuación e coherencia da idea proxectada co presuposto previo

Por operarse nun elemento no que se pretende reorganizar a súa ocupación, resulta de absoluta relevancia a análise de funcionalidade do proxecto, a súa avaliación técnica e dentro desta, a capacidade de dar respostas nos diferentes aspectos de funcionalidade,



flexibilidade e capacidade de asimilación de variación, niveis de adecuación das circulacións, adecuación orzamentaria, etc..

Así mesmo, debido á situación actual que implica a necesidade dunha profunda atención ós aspectos de “vida útil” das edificacións, así como ó seu mantemento desde premisas de sostibilidade e economía, resulta imprescindible avaliar a incidencia do deseño na durabilidade do edificio e na sinxeleza do seu mantemento futuro.

### **ADECUACIÓN DA PROPOSTA A UNHA EXECUCIÓN DA OBRA POR FASES E COA MÍNIMA INTERFERENCIA AOS USUARIOS DO EDIFICIO (20 PUNTOS)**

**Avaliaranse preferentemente as propostas que mellor se adapten ás seguintes condicións:**

- Proposta de obra que poida ser executada por fases diferenciadas e que minimicen as afeccións sobre os usuarios dos edificios.
- Inclusión de medidas tendentes a minimizar a afectación dos servizos no curso da execución da obra.

Tendo en conta que se vai a actuar nun complexo administrativo en funcionamento e que a execución das obras deberá ser realizada garantindo a continuación da actividade neste, resulta esencial valorar que a proposta prevea a execución por fases e coa mínima interferencia na actividade que se desenvolve no edificio.

### **ACCESIBILIDADE UNIVERSAL E INCLUSIÓN DE SOLUCIÓNS QUE FACILITEN A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR (20 puntos)**

**Avaliaranse preferentemente as propostas que dean as solucións óptimas de accesibilidade, así como aquelas que propoñan solucións que faciliten a conciliación da vida laboral e familiar.**

Faise necesario tamén ter en conta aspectos de accesibilidade universal e solucións que faciliten a conciliación da vida laboral e familiar.

### **PROTECCIÓN DO MEDIOAMBIENTE, EFICIENCIA ENERXÉTICA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA, ASOCIADAS Á IDEA QUE SE PROPÓN (15 puntos)**

**Avaliaranse preferentemente as propostas que mellor se adapten a criterios de eficiencia enerxética e sustentabilidade medioambiental, así como a utilización de innovacións tecnolóxicas no ámbito construtivo:**

- Materiais, solucións construtivas e instalacións que impliquen unha maior protección medioambiental e un mellor comportamento enerxético dos edificios.



- Solucións específicas de aforro enerxético.

- Utilización de innovacións tecnolóxicas e novas tecnoloxías construtivas.

Finalmente, mais cunha grande importancia, faise necesario tomar en consideración os aspectos de eficiencia enerxética e sustentabilidade ambiental, obrigados xa pola normativa, mais tendo moi presentes as solucións de deseño, construtivas e de aforro enerxético.

#### **ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN:**

O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establece que a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de apoio e asistencia á Presidencia e á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, así como a elaboración, a proposta e a execución da política do Goberno galego en materia de xustiza, administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións exteriores e coa Unión Europea e avaliación e reforma administrativa.

A última rehabilitación integral do edificio administrativo de San Caetano finalizouse en decembro de 1985 conforme ao proxecto de rehabilitación para uso administrativo da Xunta de Galicia confeccionado por Alberto Baítar Tojo, Jesús Díaz García, Manuel Gallego Jorreto e José Enrique Pérez Arda Criado.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza finalizou recentemente a execución das obras de optimización enerxética do Complexo Administrativo de San Caetano, sede principal dos servizos centrais da Xunta de Galicia, dentro das actuacións incluídas no Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 destinadas ao aforro e eficiencia enerxética na Administración Pública Autonómica. O período de execución destas obras foi de 10 meses, finalizando as mesmas o 15 de marzo de 2019.

Unha vez concluídas as obras anteriormente descritas, que afectaron principalmente á envolvente exterior de cinco dos edificios administrativos do complexo administrativo, preténdese agora actuar no interior dos distintos edificios do Complexo, mediante a reforma dos seus espazos e instalacións coa finalidade de optimizar a disposición das unidades administrativas e postos de traballo, de modo que mellore a eficiencia e as condicións de traballo, así como a calidade da atención ao cidadán.

O ámbito de actuación recóllese na segunda parte deste prego de bases, como documentación denominada condicións técnicas.



Dadas as particulares actuacións técnicas que implican a adaptación dun edificio destas características a un uso máis óptimo e eficaz como dependencia administrativa, considérase que a mellor opción é a convocatoria dun concurso de ideas con intervención de xurado, a nivel de anteproxecto, xa que este tipo de procedemento permite obter un maior número de propostas para unha avaliación máis completa das posibles solucións, estimulando a creatividade e dando a posibilidade ao sector de participar na idea.

Para o desenvolvemento do concurso de ideas contarase coa asistencia do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a través da súa Delegación en Santiago de Compostela (en adiante COAG), e a tal fin asinarase un convenio de colaboración coa citada entidade para o desenvolvemento dun concurso de ideas, con intervención de xurado, para a redacción do anteproxecto de reforma interior e reorganización da ocupación do Complexo Administrativo de San Caetano.

O obxecto deste concurso é seleccionar a mellor idea, a xuízo do Xurado, e desenvolvida a nivel de anteproxecto, que sirva de base ao correspondente proxecto técnico, básico e de execución, incluído o estudo de seguridade e saúde, o estudo de xestión de residuos, a certificación enerxética e o proxecto de telecomunicacións das obras de reforma interior e reorganización da ocupación do Complexo Administrativo de San Caetano.

Para a redacción do dito anteproxecto haberá de terse en consideración a normativa urbanística e medioambiental aplicable e as determinacións dispostas nos plans urbanísticos do concello de Santiago de Compostela, das que se deberá dar cumprimento.

As obras a executar en desenvolvemento do anteproxecto gañador deste concurso de ideas terán un orzamento máximo de 29 millóns de euros. Este importe inclúen os gastos xerais, o beneficio industrial e o IVE (21%).

Á vista do que antecede e conforme ao establecido no artigo 116 e 28 da Lei de contratos do sector público e no artigo 73 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, **acordase o seguinte:**

**Primeiro:** Autorizar a iniciación do expediente de gasto para proceder á convocatoria do concurso de ideas, con intervención de xurado, a nivel de anteproxecto, para a reforma interior e reorganización da ocupación do Complexo Administrativo de San Caetano, polo importe de cento setenta e sete mil euros (177.000,00 €), IVE incluído, no que quedan recollidos os importes correspondentes ós premios e accésits a entregar, que se distribuirán do seguinte xeito

	<b>TOTAL</b>
<b>Primeiro premio</b>	<b>70.000,00 €</b>





Segundo premio	40.000,00 €
Terceiro premio	30.000,00 €
Primeiro accésit	15.000,00 €
Segundo accésit	11.000,00 €
Terceiro accésit	11.000,00 €

**Segundo:** Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria **05.21.121A.632.0** (código de proxecto: 2019 00002) dos vixentes orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, onde existe crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste concurso de ideas

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019

O Vicepresidente e Conselleiro,

P.D. (Orde do 29.12.2017)

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia,  
Administracións Públicas e Xustiza,

Beatriz Cuña Barja